



Neste curso 24/25, o IES de Ponte Caldelas pon de novo en funcionamento o servizo de taquillas. O alumnado que o solicite poderá facer uso das mesmas para depositar o material escolar que traia ao instituto.

No caso de que o seu fillo/a estea interesado/a neste servizo, deberá entregar esta solicitude, debidamente cumprimentada, na Secretaría do centro, o vindeiro luns 16 de setembro. Establécese unha fianza de 10€, que será aboada polo alumno/a ao tempo de entregar a solicitude. Esta fianza servirá como garantía de reposición de posibles desperfectos na taquilla.

NORMAS PARA O USO DAS TAQUILLAS

1. A utilización das taquillas require a solicitude da nai, pai ou titor/a legal do alumno/a á dirección do centro, e o depósito da fianza establecida.
2. A autorización do uso será para o curso escolar, se ben poderase renunciar ao mesmo en calquera momento. As taquillas deberán quedar baleiras na última semana lectiva do curso.
3. As taquillas están numeradas, polo que a cada usuario se lle asignará un número de taquilla para o seu uso. Entregarase a cada alumno/a unha chave, que devolverá ao final do período de uso. A dirección quedará cunha copia de cada chave.
4. En caso de perda da chave da taquilla, deberán aboarse 5€ para obter un duplicado da mesma.
5. O alumnado queda obrigado a un uso responsable da taquilla asignada, que se utilizará unicamente para gardar material escolar ou roupa de abrigo do usuario.
6. O centro non poderá ser obxecto de reclamación algunha pola desaparición de obxectos ou pertenzas depositadas nas taquillas.
7. As taquillas so poderán ser utilizadas nos períodos de entrada ao centro, períodos de lecer e saída. Tamén se poderá acceder ás mesmas antes e despois das clases de Educación Física, se o alumnado o precisa.
8. Rematado o período de utilización, e no caso de quedar a taquilla en perfecto estado, devolverase a fianza depositada.

SOLICITUDE DE ALUGUER DE TAQUILLA. IES DE PONTE CALDELAS. CURSO 24/25

ALUMNO/A:

Apelidos e nome: _____

Curso: _____ Grupo: _____

Conforme a familia:

Asinado (nai/pai/representante legal) _____

O alumnado e os seus responsables coñecen e aceptan as normas anteriores.